

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA COMPLETAR AS AXUDAS AO PERSOAL INVESTIGADOR DO PROGRAMA COFUND DESTINADO NO CENTRO DE INVESTIGACIÓN EN TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DAS COMUNICACIÓNS (CITIC)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

José Alberto Díez de Castro, secretario xeral de Universidades.

DECLARA

Que esta Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Consellería) ten previsto formalizar coa Universidade da Coruña (UDC) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universidade da Coruña (UDC), para completar as axudas destinadas ás persoas beneficiarias das estadias incluídas no programa MSCA-COFUND de formación do persoal investigador en réxime de contrato predoutoral e os gastos asociados á súa contratación. Están destinadas a persoas investigadoras da UDC, interesadas en completar a súa formación cunha estadía no estranxeiro.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase nun interese público, xa que ao contribuír a sufragar gastos asociados ás actuacións das convocatorias de contratación derivada do programa 3-i ICT, proposta COFUND do CITIC, no que se prevé a contratación de 8 investigadores/as predoutorais adscritos ao CITIC e estase a potenciar unhas carreiras profesionais independentes, reforzando a excelencia, o dinamismo e a creatividade da investigación, superando o problema estrutural que supón o desperdicio do talento investigador e o retraso da aparición da próxima xeración de persoal director de investigacións independentes.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela na data situada na marxe.

